# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE GUILLAREI
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

DATA: 12 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| ***CIENCIAS DA NATUREZA*** | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. |
| | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. |
| | CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). |
| | CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. |
| | CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede. |
| | CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. |
| B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. | CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. |
| | CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación. |
| | CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. |
| B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. |
| | CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas |

| | |
|---|---|
| | investigacións. |
| B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. |
| | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. |
| B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. |
| B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. |
| | CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. |
| ***CIENCIAS SOCIAS*** | |
| B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados. | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. |
| | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. |
| | CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. |
| B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais. | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. |
| | CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. |

| | |
|---|---|
| B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. |
| | CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. |
| | CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. |
| B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. | CSB2.1.1. Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. |
| B2.2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. | CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. |
| B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. | CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. |
| | CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. |
| | CSB2.3.3.Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. |
| B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais. | CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. |
| B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España. | CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. |
| B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. | CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. |
| | CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. |
| B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os | CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das |

| | |
|---|---|
| principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España | principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. |
| B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. |
| B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. | CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. |
| | CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. |
| ***LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*** | |
| B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais. | LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos ao grao de formalidade dos contextos nos que produce o seu discurso: debates, exposicións planificadas, conversas. |
| | LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade. |
| | LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía. |
| B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala nas producións propias. | LCB1.2.1. Emprega recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais, recoñecendo o valor complementario e modificador destes. |
| | LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados. |
| | LCB1.2.3. Interpreta de forma global o sentido de elementos básicos do texto (léxico e locucións). |
| B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente. | LCB1.3.1. Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado. |
| | LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación:<br>- diálogos<br>-exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. |
| | LCB1.3.3. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. |
| B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras a | LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión |

| | |
|---|---|
| partir do seu contexto de uso | nos diferentes contextos de comunicación. |
| | LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas. |
| B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais, e identificar ideas ou valores non explícitos accesibles á súa idade. | LCB1.5.1. Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual,do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais |
| | LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). |
| | LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión interpretativa. |
| | LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectivo. |
| B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos). | LCB1.7.1. Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía, seguindo unha secuencia lineal, adecuados ao nivel e imitando modelos |
| | LCB1.7.1. Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar) |
| B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade. | LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, para obter información e verificar a comprensión. |
| | LCB1.8.2. Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora. |
| | LCB1.8.3. Participa en debates explicando as súas opinións e ideas, emitindo xuízos persoais fundamentados sobre os temas e coa profundidade propia da súa idade. |
| B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada. | LCB2.1.1. Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. |
| | LCB2.1.2. Lee en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade. |
| | LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social: |
| | LCB2.1.4. Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. |

| | |
|---|---|
| B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura). | LCB2.2.1. Utiliza o título e as ilustracións para activar coñecementos previos sobre o tema, axudándose deles para acceder máis doadamente ao contido dun texto. |
| | LCB2.2.3. Identifica as palabras clave dun texto. |
| | LCB2.2.4. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións e esquemas que o acompañan. |
| | LCB2.2.5. Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto. |
| | LCB2.2.6. Interpreta mapas conceptuais sinxelos |
| B2.3. Ler por propia iniciativa e con diferentes finalidades textos de tipoloxía diversa. | LCB2.3.1. Programa de xeito autónomo un tempo semanal para ler diferentes textos. |
| | LCB2.3.2. Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal. |
| B2.4. Utilizar diferentes fontes e soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais. | LCB2.4.1. Consulta na biblioteca diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo. |
| | LCB2.4.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma. |
| | LCB2.4.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, xénero. |
| | LCB2.4. 4. Selecciona lecturas con criterio persoal e manifesta a súa opinión sobre os textos lidos. |
| B2.5. Mostra interese por manter unha biblioteca propia. | LCB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. |
| B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. | LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. |
| B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación. | LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... |
| | LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas |

| | |
|---|---|
| | gramaticais e ortográficas. |
| | LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero. |
| | LCB3.1.4. Elabora un informe seguindo un guión establecido que supoña a procura, selección e organización da información de textos de carácter científico, xeográfico ou histórico. |
| | LCB3.1.5. Presenta un informe, utilizando soporte papel e informático, sobre situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións. |
| | LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza. |
| B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. |
| B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas. | LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. |
| | LCB3.3.2. Reproduce textos ditados, logo de identificar o sentido global e a información específica neles. |
| | LCB3.3.3. Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, procura e selección da información: tomar notas, elaborar esquemas, guións, borradores e mapas conceptuais. |
| | LCB3.3.4. Redacta o texto e revísao para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito. |
| | LCB3.3.5. Amosa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal. |
| B3.4. Utilizar de xeito autónomo o dicionario. | LCB3.4.1. Utiliza habitualmente o dicionario,en diferentes soportes, no proceso de escritura. |
| B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos. | LCB3.6.1. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas. |
| B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas |
| B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a | LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar |

| | |
|---|---|
| estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. |
| | LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos. |
| | LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. |
| B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. |
| | LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. |
| | LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. |
| | LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. |
| | LCB4.2.5. Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado. |
| B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos. | LCB4.3.1. Coñece a estrutura do dicionario e úsao, en diferentes soportes para buscar o significado de calquera palabra (derivados, sinónimos etc.). |
| | LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario. |
| | LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas. |
| B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. |
| | LCB4.4.3. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto. |
| | LCB4.4.4. Utiliza os signos de puntuación nas súas producións escritas. |
| | LCB4.4.5. Aplica as normas do uso da til nos textos de elaboración propia. |
| | LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. |
| B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe. |
| B4.6. Valorar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostrar respecto tanto cara ás linguas e dialectos que se falan en España, como cara ao español de América. | LCB4.6.1. Valora a variedade lingüística de España e o español de América. |

| | |
|---|---|
| B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e consideralos como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal. | LCB5.1.1. Valora e recoñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |
| B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas. | LCB5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos e métricos básicos propios dos poemas. |
| | LCB5.3.2. Utiliza comparacións, metáforas, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios. |
| ***MATEMÁTICAS*** | |
| B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. | MTB1.1.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. |
| B1.2 Coñecer algunhas características do método do traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver. | MTB1.2.1. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso. |
| B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. | MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. |
| | MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas. |
| B1.4. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. | MTB1.4.1. Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. |
| B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras. | MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvoltos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes. |
| B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). | MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. |
| | MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |
| B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. |

| | |
|---|---|
| | MTB2.2.2. Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros. |
| B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. | MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. |
| | MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. |
| | MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. |
| B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado. | MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais. |
| B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. |
| | MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. |
| | MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta. |
| B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.7.1 Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso. |
| | MTB2.7.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. |
| B3.4. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares. | MTB3.4.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura. |
| | MTB3.4.2. Mide ángulos usando instrumentos convencionais. |
| B3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre | MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando |

| | |
|---|---|
| a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | conxecturas, construíndo, argumentando… e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización. |
| B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá. | MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice… |
| | MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe. |
| | MTB4.1.3. Realiza ampliacións e reducións |
| B4.3. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas. | MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular. |
| B4.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización. |
| | MTB4.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo. |
| B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato. | MTB5.1.2. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. |
| B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado. | MTB5.2.1. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas. |
| B5.3. Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta | MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio. |
| | MTB5.3.2. Realiza conxecturas e estimacións sobre algúns xogos (moedas, dados, cartas, loterías…). |

| | |
|---|---|
| repetición. | |
| B5.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios…), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización. |
| | MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>Análise dos resultados da 1ª e 2ª avaliacións<br>A maiores e de xeito unicamente positivo:<br>- Valoración da participación nas actividades propostas<br>- Análise das producións recibidas do alumnado (máis que no resultado estrito, no esforzo e interese amosado) |
| | **Instrumentos:**<br>- Probas da 1ª e 2ª avaliacións<br>- Diario de actividade (do profesorado) |
| **Cualificación final** | **Procedemento para obter a cualificación final de curso:**<br><br>- Nota media das cualificacións da 1ª e 2ª avaliacións.<br><br>- Esa cualificación aumentará en función da valoración conseguida pola participación nas actividades do 3º trimestre, incrementando máis ou menos en función do cumprimento dos criterios de avaliación expostos |
| **Alumnado de materia pendente** | Tal e como dita a **ORDE EFP/365/2020, de 22 de abril**, a avaliación é continua, cun carácter diagnóstico e formativo.<br>Por esta mesma razón, consideramos que o desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso e reforzo dun xeito positivo por parte do alumnado con materias pendentes na 1ª ou 2ª avaliacións , implica a superación desa materia pendente. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades que se levarán a cabo neste terceiro trimestre buscarán traballar as diferentes áreas de maneira global, especialmente as materias de Ciencia Sociais e Ciencias da Natureza, que se traballarán en combinación coas áreas instrumentais, matemáticas e lingua castelá.<br><br>O traballo estará baseado nas competencias, caracterizándose pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Así mesmo terán como finalidade transferir os coñecementos adquiridos ao longo deste e dos anteriores cursos a situacións da vida cotiá.<br><br>A finalidade de ditas actividades será repasar os contidos máis importantes que se traballaron ao longo dos dous primeiros trimestres de forma presencial nas aulas, facendo fincapé naqueles contidos no que o alumnado amose maior dificultade. Tamén se atenderán as necesidades individuais de cada neno/a dentro das posibilidades dentro desta situación excepcional na que nos atopamos inmersos. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | No caso do alumnado de 5º de Educación Primaria podemos afirmar que a súa totalidade do alumnado dispón de conexión á rede , ben a través de internet no fogar ou datos móbiles. Este derradeiro caso, datos móbiles, obríganos a empregar unha metodoloxía que non conleve pasar moito tempo diante das pantallas, gran tráfico de datos, impresión de tarefas...<br><br>Sendo un curso que emprega equipos E-Dixgal, dita paltaforma será unha das canles de intercambio de actividades. O centro preparou a maiores unhas carpetas compartidas que son de fácil acceso para as familias a través de calquera tipo de dispositivo e lugar. Tamén se creou un grupo coas diferentes familias a través dunha aplicación de mensaxería a través da cal se suben de forma diaria actividades, axudando ás familias a distribuír as mesmas ao longo das semanas e poder ofrecer unha atención o mías directa e instantánea posible.<br><br>As tarefas irán acompañadas, de ser preciso, dun vídeo explicativo que poderán consultar en calquera momento e para evitar un uso excesivo de impresións estas poden ser realizadas en calquera soporte.<br><br>Para a corrección do traballo realizado dispoñen de dúas vías para enviar as tarefas; correo electrónico, aplicación de mensaxería ou a plataforma E-Dixgal. As correccións devolverase pola mesma vía.<br><br>Así mesmo poden consultar calquera dúbida por calquera das vías de comunicación previamente citadas así como tamén vía telefónica ou videochamada dentro dun horario establecido. |

| | |
|---|---|
| | |
| **Materiais e recursos** | - Web do cole<br>- AbalarMóbil<br>- Edixgal<br>- Google Drive<br>- APP de mensaxería<br>- Libro dixital<br>- Teléfono móbil<br>- As diferentes libretas das materias |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Semanalmente o titor contacta coas familias para compartir inquedanzas, escoitar propostas de mellora, coñecer o estado anímico das familias... e ao mesmo tempo para informar das novidades que van xurdindo ao longo deste trimestre. |
| **Publicidade** | A adaptación da Programación publicarase na web do centro e estará a disposición de toda a comunidade educativa e facilitaráselle ás familias de ser preciso. |

Adaptación da Programación Didáctica

Curso: 5º Educación Primaria

Materia: Lingua Galega

Curso 2019-2020

segundo as

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **B2.1.** Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes. | **B2.1.1.** Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.<br>**B2.1.2.** Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo)<br>**B2.1.3.** Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.<br>**B2.1.4.** Interpreta personificacións, hipérboles, ironías e dobres sentidos en textos.<br>**B2.1.7.** Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. |
| **B2.10.** Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | **B2.10.1.** Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. |
| **B3.1.** Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | **B3.1.1.** Planifica a elaboración, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información mediante notas, esquemas ou guións.<br>**B3.1.2.** Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.<br>**B3.1.3.** Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).<br>**B3.1.4.** Aplica de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. |
| **B3.2.** Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar, e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | **B3.2.1.** Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académicos, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitación.<br>**B3.2.3.** Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. |
| **B3.3.** Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. | **B3.3.1.** Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións…) para obter, organizar e comunicar información. |
| **B3.4.** Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. | **B3.4.3.** Mostra aprecio polos usos creativos da linguaxe. |
| **B3.5.** Usar as TIC con certa autonomía para buscar información, tratamento dos textos e realización de presentacións. | **B3.5.1.** Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. |
| **B4.1.** Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | **B4.1.1.** Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.<br>**B4.1.2.** Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.<br>**B4.1.4.** Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.<br>**B4.1.5.** Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito, así como os complementos do nome. |

| | |
|---|---|
| **B4.2.** Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | **B4.2.2.** Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do *h, b/v, c/cc, ll/i/x.* |
| **B4.3.** Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. | **B4.3.1.** Emprega con corrección signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.<br>**B4.3.2.** Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. |
| **B4.4.** Recoñecer e empregar os conectores básicos así como outros elementos de cohesión. | **B4.4.1.** Usa diversos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición… |
| **B4.5.** Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas sinxelas en pasivas e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos. | **B4 5.1.** Identifica en oracións sinxelas o papel semántico do suxeito. |
| **B4.7.** Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. | **B4.7.1.** Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital pra buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.<br>**B4.7.2.** Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras. |
| **B4.9.** Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. | **B4.9.1.** Recoñece de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. |

| 1. **Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Atendendo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso académico, o proceso de avaliación centrarase nos contidos e nas competencias abordadas nos dous primeiros trimestres.<br>O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación e adaptado en función de cada etapa e área ou materia, tendo en conta a situación de cada alumna ou alumno . Pode entrar materia nova pero sempre para favorecer o progreso na aprendizaxe da Lingua Galega e no desenvolvemento das competencias clave. Esta materia non se avaliará de xeito independente para facer "media" coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación (ata 2 puntos).<br><br>**Procedementos:**<br>- Análise e observación directa do traballo solicitado/enviado.<br>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para esta avaliación.<br>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).<br>- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).<br>- Interese e participación cara á área<br>- Entrega do traballo no prazo indicado. |
| | **Instrumentos:**<br>- Traballo do alumnado.<br>- Correo electrónico.<br>- Vía telefónica.<br>- Plataformas educativas.<br>- No caso de volver ás clases algunha proba para valorar o traballado neste trimestre.<br>- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Outros documentos gráficos ou textuais (fichas, caderno, etc.).<br>- Participación nas actividades propostas.<br>- Proxectos persoais.<br>- Elaboracións multimedia.<br>- Calquera outra actividades que sexa útil para ver o progreso, implicación e motivación do alumnado. |

| | |
|---|---|
| **Cualificación final** | Para a obtención da cualificación do terceiro trimestre teranse en conta os resultados das dúas avaliacións anteriores. A nota, será a cualificación media dos dous trimestres. A nota poderá mellorarse sempre que se presentarán con certa corrección e con puntualidade/regularidade tódolos traballos propostos.<br>Esta mellora poderá supoñer ata 2 puntos máis na cualificación. Este 2 puntos sairán de calcular:<br>70% traballo realizado e enviado por diferentes medios<br>20% participación e interese na área<br>10% Entrega do traballo en prazo/regularidade |

| 1. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación e adaptado tendo en conta a situación de cada alumna ao alumno coa fin de non sobrecargalos de tarefas excesivas.<br>Pode entrar materia nova pero sempre para favorecer o progreso na aprendizaxe da Lingua Galega e no desenvolvemento das competencias clave. Esta materia non se avaliará de xeito independente para facer "media" coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación.<br>Na medida do posible procurouse que todas as actividades propostas foran accesibles á totalidade do alumnado.<br>• Documentos imprimibles para traballar as diferentes áreas: fichas con exercicios para o repaso do traballado nas distintas materias<br>• Fichas interactivas de repaso das materias<br>• Cuestionarios (online e impresos) sobre os diferentes temas traballados<br>• Actividades para identificar conceptos básicos.<br>• Actividades de investigación.<br>• Exercicios para identificar afirmacións verdadeiras ou falsas.<br>• Buscar información sobre distintos temas.<br>• Realizar un esquema sobre os contidos propostos e responder as preguntas propostas a modo de repaso. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O alumnado recibe as tarefas a través da web do centro e de whats app nalgúns casos.<br>Para a revisión e corrección das tarefas enviarán as tarefas ao meu correo electrónico.<br>Ademais no mesmo correo poden escribir as súas dubidas para que sexan contestadas.<br>No caso do alumnado que non dispón de medios para acceder ás tarefas, facilítanselle en formato papel a través do seu titor. |
| **Materiais e recursos** | - Será necesario dispositivo informático e conexión a internet. En caso de non dispoñer del, o titor faille chegar a tarefa noutro formato ao alumno que non dispón dos recursos.<br>- Fichas de actividades (repaso, ampliación e reforzo).<br>- Recursos en liña.<br>- Libro Dixital Interactivo.<br>- Recursos multimedia. |

| 1. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A traves do meu correo electrónico e da dirección do centro (mediante correo electrónico, whatsapp, chamada, etc) |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do centro. |

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

CURSO: 2019/2020

CENTRO: Ceip. Plurilingüe de Guillarei

CURSO: 2019-2020

NIVEL: 5º de E.P.

MATERIA: Primeira lingua estranxeira : Lingua Inglesa

DATA: 03 de Maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

**1.** Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.................................... 3

2. Avaliación e cualificación..............................................................................10

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) .........................................................................................................13

4. Información e publicidade..............................................................................17

# 1- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

**Comprensión de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | CL | CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos.<br><br>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese. |
| B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | CL | CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese. |
| B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. | CL<br><br>AA | CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.<br><br>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües. |
| B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes. | PLEB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. | CL<br><br>AA | CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.<br><br>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües. |
| | PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e | | |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| | compróbaas. | | |
| | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | | |
| | PLEB3.8. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | | |
| | PLEB3.9. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | | |

**Produción de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | CL | CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente. |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | CL | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto. |
| B4.7. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de | CL | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| presentacións sinxelas e transmitir información. | situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). | | |
| B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. | **CL**<br><br>**AA** | CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.<br><br>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües. |
| | PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, bandas deseñadas o descricións de lugares, gustos ou afeccións). | | |
| | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata…). | | |
| | PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. | | |
| | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc. | | |
| | PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección. | | |

**Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente | **SC** | SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra. |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | **CL**<br><br>**SC** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra. |
| B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | PLEB5.3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | **CL**<br><br>**SIEE** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.<br><br>SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes. |
| B5.4. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. | PLEB5.4. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | **CL**<br><br>**SC** | CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra. |
| B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións… en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da | PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación… | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| aula. | | | |
| B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa.… | PLEB5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer… | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.7. Expresar nocións básicas relativas a accións cotiás, de lecer… | PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.8. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos. | PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións… de si mesmo/a e doutra persoa. | **CL** | CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. |
| B5.9. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa. | PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | **CL** | CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. |
| B5.10. Expresa e comprende indicacións e ordes. | PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | **CL** | CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual. |
| B5.11. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. | PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. | **CL**<br><br>**SC** | CL2.3. Participa en representacións sinxelas.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.12. Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (*and, or, then but*), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos. | PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. | **CL**<br><br>**SC** | CL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico.<br><br>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.<br><br>CL4.2. Localiza información explícita |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| | | | de textos diversos sobre temas de interese.<br><br>CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.13. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | | |
| B5.14. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado. | PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | | |
| B5.15. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. | PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. | | |
| B5.16. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias. | PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. | | |
| B5.17. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de | | | |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades…). | | | |
| B5.18. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. | | | |

## 2- Avaliación e cualificación

### 2.1- **Procedementos**

Os procedementos de avaliación adecúoos ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante este terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter **continuo e global**, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna

Atendendo ós diferentes criterios, e partindo da época extraordinaria que estamos a vivir, non podemos levar a cabo as ferramentas que propón o currículo para seguir o proceso de avaliación na aula, polo que se modifican os procedementos da programación didáctica orixinal

No caso de avaliación **formativa**, serán a observación e o seguimento sistemático do alumno, é dicir, se tomarán en consideración tódalas producións para o desenvolvemento de carácter individual : traballos escritos, lecturas e resumos, investigacións, actitude de aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros.

E respecto a avaliación **sumativa**, as probas escritas do terceiro trimestre non se poden facer debido ás clases non presenciais e a falta de recursos técnicos , pero a avaliación sumativa do terceiro trimestre basearase na presentación e valoración das producións escritas reflexadas na avaliación formativa e aos traballos de reforzo , a proposta da mestra, entregados polos alumnos .

Os procesos de avaliación adáptanse a flexibilidade que esixe estas avaliacións terceira e ordinaria.

### 2.2- **Instrumentos**

**Actividades de avaliación formativa**, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:

- Exercicios do *Activity Book*
- Actividades de reforzo
- Actividades de repaso

- Actividades de ampliación
- Actividades voluntarias ( repaso que requiren medios técnicos)
- Actividades dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond,(Richmonddigital)
- Actividades dixitais voluntarias de xogos e contos tradicionais : Online-learning Zone da E. Oxford.

**Actividades de avaliación sumativa** coa realización das diversas actividades de avaliación referidas na Avaliación formativa.

**Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:

- O *self-evaluation* de cada unidade .
- Portfolio.

### 2.3- **Cualificación Final**

A avaliación e cualificación adáptase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación e ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre beneficiando ao alumnado.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais seguirá a ser continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo valorando os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terán valor positivo para a cualificación do alumnado.

Modificarei o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria tendo en conta os dous trimestres anteriores e os avances conseguidos neste terceiro trimestre, valorando o desenvolvemento das actividades propostas.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, e o seu rexistro é a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: Insuficiente (IN): Non conseguido; Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos; Ben (BI): Conseguido con nivel medio; Notable (NT): conseguido con nivel alto, e Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente. Estes **criterios de cualificación** aplicaranse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira.

Partindo do anteriormente exposto paso a detallar o procedemento de cualificación da avaliación final do curso.

- Cualificación positiva se os primeiro e segundo trimestres positivos. Considerarase a nota media e subirase, sempre que o traballo desenvolvido nesta época extraordinaria sexa positivo.
- A cualificación será positiva cun dos dous trimestres do curso suspensos, sempre que se realizaran as actividades de recuperación propostas a cada alumno-a particularmente, e tamén todas as demais do Activity Book, reforzo e ampliación.
- A cualificación será positiva se tendo os dous trimestres anteriores negativos, realizan as actividades propostas, as de reforzo, ampliación e as de recuperación propostas a cada un deles.
- A cualificación será negativa se tendo un ou dous trimestres suspensos, non fan as actividades propostas, nin as de recuperación, reforzo e ampliación.

## 3- Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, pero tamén faremos ampliación de contidos ,posto que xa iniciaramos o terceiro trimestre cando chegou toda esta situación ,fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo calidades adquiridas previamente.

### 3.1- Actividades

- **Actividades para** activar os coñecementos previos dos alumnos nos temas de repaso xa traballados e do novo que se traballa . Actividades de repaso de vocabulario.

- **De desenvolvemento inc**luíndo diferentes tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e que están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte de competencia da lingua inglesa. Estas actividades son:

  - vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais (***Vocabulary***).
  - A lectura e comprensión de textos (***Reading***).
  - As estruturas gramaticais (***Grammar***).
  - A comprensión e a expresión escrita (***Writing***).
  - Elimínanse a comprensión e expresión oral. ( No caso da comprensión por falta de medios técnicos, aínda que se propoñen actividades, non se pode facer de xeito obrigatorio.

- **De reforzo :** ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.
- **Ampliación:** actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades .

- Extra: son actividades de ampliación baseadas no repaso que soamente fan algún alumnos a demanda deles.

- Actividades de recuperación/ reforzo: Son as ofrecidas aos alumnos-as con máis dificultades de aprendizaxe e cunha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre.

- **De desenvolvemento de competencias clave**
  Algunhas actividades contribúen máis especificamente ao desenvolvemento dunha ou varias competencias básicas, entre as que se incluirían:

  - Actividades interactivas
  - Actividades na lousa dixital
  - Actividades baseadas en distintos soportes
  - Actividades de investigación
  - Interpretacións de datos, gráficas, etc.
  - Textos culturais
  - Actividades nas que se traballan as emocións

- **De avaliación**

  **Actividades de avaliación formativa**, onde se avaliará o traballo continuado dos alumnos e medirá o seu progreso a través da observación e comprobación da realización de actividades como:
  - Exercicios do *Activity Book*
  - *Worksheets*
  - *Outras actividades propostas (dixitais, investigación)*

  **Actividades de autoavaliación e autoestudo,** nas que o alumno se inicia en estratexias de auto-avaliación dos seus coñecementos e destrezas:
  - O *self-evaluation* de cada unidade

- **Complementarias**
  Elimínanse no terceiro trimestre.

- Tamén eliminamos ,neste atípico terceiro trimestre, as actividades reflectidas no plan Lector da Aula de Inglés.

3.2- **Metodoloxía**

Como os alumnos-as non van regresar ás clases este curso, ao inicio do próximo curso 2020-21 levarase a cabo unha proba con carácter diagnóstico como referencia para programar o inicio do curso 2020-21.

No terceiro trimestre do presente curso valoraranse as actividades de Writing e reading, posto que ,ao non ter clases presencias é tendo en conta as dificultades atopadas , as actividades de listening e orais non se poden valorar, aínda que se enviaron vídeos e listenings mediante a páxina web do centro, no apartado específico de Inglés nas carpetas dos diferentes cursos.

Aos alumnos-as que non entregan as actividades solicitadas , ben por dificultades de medios técnicos , ( ausencia de dispositivos, rede,..) ou por abandono, se lles solicitarán as actividades ao final de maio, tendo que facelas chegar ao Centro para a súa valoración.

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp. E por suposto mediante os titores.

Para propoñer as actividades tiven en conta que:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos.
- A aprendizaxe a nivel de competencias.
- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe.
- Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes.
- Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.
- A avaliación do proceso individual dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.
- Unha aprendizaxe permanente.

### 3.3- Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos utilizados son:

- Libro de Actividades utilizado é *All About Us* de Oxford University Press.

- Recursos na web *Oxford Online Learning Zone*, da E. Oxford, con práctica interactiva, xogos e contos tradicionais para ser utilizados na casa .
- Worksheets de repaso, reforzo, ampliación, vocabulario, reading,… fotocopiadas e entregadas aos alumnos.
- Fichas de repaso cargadas na Páxina web do centro ( para a súa impresión ou realización na libreta de Inglés).
- Notebook.
- Os recursos multimedia mencionados integran por completo o uso das TIC .
- Recursos dixitais voluntarias de vídeos de vocabulario, contos, lectura e audición, este últimos ofrecidos de balde pola Editorial Richmond,(Richmondigital).
- Plataforma dixital CliknPlay.

## 4- <u>Información e publicidade</u>

### 4.1- **Información ás familias**

Os alumnos-as son avisados mediante a Plataforma Abalar e subindo as diferentes actividades que se propoñen á páxina web do Centro. Cando un alumno non dispón de medios técnicos para coñecer as actividades que ten que realizar, o contacto faise telefonicamente. Nalgúns casos, contados, o contacto realizouse por Whatsapp.

### 4.2-**Publicidade**

Publicación obrigatoria na páxina web do Centro

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI
CURSO: 5º
MATERIA: ED. FÍSICA
DEPARTAMENTO: ED. FÍSICA
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- **Avaliación e cualificación.**
- **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- **Información e publicidade.**

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais.<br>▪ B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas.<br>▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.<br>▪ B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio. | ▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. | ▪ EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º e 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º e 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| ▪ i | ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de | ▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con | ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer | ▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | aprendizaxe para obter información, relacionada coa área.<br>▪ B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. | a información que se lle solicita. | | |
| | | | ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| ▪ a<br>▪ k<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.<br>▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.<br>▪ B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.<br>▪ B1.10. Coñecemento da normativa básica de | ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | ▪ EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e | ▪ CSC | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | circulación en rúas e estradas.<br>▪ B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas. | | organización de material utilizado nas clases. | | |
| | | | ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN | | | | | |
| ▪ b<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.<br>▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.<br>▪ B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito. | ▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. | ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES | | | | | |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ b<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.<br>▪ B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.<br>▪ B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.<br>▪ B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.<br>▪ B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. | ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. | ▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 1º |
| | | | ▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.<br>▪ B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.<br>▪ B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. | | ▪ EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. | ▪ CSC<br>▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |
| BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS | | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. | ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, | ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ m<br>▪ o | ▪ B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).<br>▪ B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.<br>▪ B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.<br>▪ B4.5. Participación na composición e execución de | emocións e ideas. | ▪ EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. | | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ j<br>▪ k | ▪ B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. | ▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. | ▪ EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois | ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. | ▪ EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. | ▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCT | ▪ 2º E 3º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | do exercicio).<br>▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde.<br>▪ B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. | | alimentos inxeridos etc.). | | |
| | | | ▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCT | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ TODOS |
| ▪ k | ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. | ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do | ▪ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | | esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde. | ▪ EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 1º |
| | | | ▪ EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ 1º |
| ▪ k | ▪ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.<br>▪ B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. | ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. | ▪ EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 2º E 3º |
| BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B6..1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación- | ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando | ▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ TODOS |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| ▪ m | oposición.<br>▪ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. | principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades | motrices. | | |
| | | | ▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. | ▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| ▪ d<br>▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente.<br>▪ B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. | ▪ B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. | ▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. | ▪ CCL<br>▪ CCEE<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º E 3º |
| | | | ▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º E 3º |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ k | ▪ B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da | ▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os | ▪ EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 1º |

| ÁREA | EDUCACIÓN FÍSICA | | CURSO | QUINTO | TRIMESTRE |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.<br>▪ B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. | introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. | ▪ EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ TODOS |
| | | | ▪ EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2º |
| | | | ▪ EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |
| ▪ k<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación.<br>▪ B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia.<br>▪ B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da | ▪ B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. | ▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3º |
| | | | ▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2º E 3º |

| **ÁREA** | **EDUCACIÓN FÍSICA** | | **CURSO** | **QUINTO** | **TRIMESTRE** |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| | natureza. | | | | |

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>A avaliación será continua e global. Terá en conta:<br>O progreso do alumno en todas as unidades didácticas da programación tendo en conta o seguinte:<br>• O desenvolvemento cognitivo motriz do alumn@.<br>✓ Que o alumn@ supere os aspectos concretos establecidos nos criterios de avaliación.<br>✓ Que o alumn@ progrese respecto de él mesmo (da súa avaliación inicial).<br>• As actitudes e hábitos de conduta.<br>• Que o alumn@ desenvolva unhas determinadas actitudes e hábitos de conducta: asistencia a clase, si leva a roupa e calzado adecuado (deportivo), as normas hixiénicas e de seguridade, se pon interese, se participa, se esforza, respecta aos demais, o material e as instalacións.<br>En relación aos criterios de cualificación indicar que terán a seguinte valoración:<br>• Ámbito Cognitivo: 20 %<br>• Ámbito Motriz: 50 %<br>• Ámbito Socio-Afectivo: 30%</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br>1. Ficha de rexistro persoal e datos corporais (peso, altura, etc)<br>2. Exames prácticos (aplicación práctica de contidos como por exemplos dirixir quecementos, etc).<br>3. Traballos teóricos (ampliar coñecementos sobre as UD traballadas, valores deportivos, etc).<br>4. Cuestionarios (cohesión grupal, test, ...)<br>5. Test físicos (DAFIS).<br>6. Rexistros anecdóticos.<br>7. Rúbricas.<br>8. Listas de control e comprobación.<br>9. Cuestionario de auto avaliación do mestre.<br>10. Fotografías e vídeos de traballos e probas concretas. (especialmente neste trimestre).</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:<br>A cualificación final do curso obterase a partir da media aritmética dos 3 trimestres. Así mesmo, o terceiro trimestre, debido as súas especiais circunstancias, se calificará partindo da avaliación do segundo trimestre, valorando que os contidos traballados no terceiro trimestre sumen, agás nos casos extraordinarios.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>De momento na educación primaria non consta esta opción.</td></tr>
</table>

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | • Debido ás especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, as actividades propostas ao longo do terceiro trimestre buscaran repasar os contidos traballados nos dous primeiros trimestres, reforzando ao alumnado que o precise e ampliando a quen o demande.<br>• Debido ao carácter integral das actividades anteriormente citado, o traballo dos contidos será competencial, procurando que o alumnado poda facer un uso práctico dos mesmos.<br>• En calquera caso, as actividades e tarefas do terceiro trimestre teñen como obxectivo preparar ao alumnado para afrontar co maior éxito posible o curso 2020/2021. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | • O alumnado non dispón de dispositivos de conexión en varios casos (en moitos casos a liña de datos do teléfono móbil dos seus familiares). Así, a metodoloxía empregada parte do condicionante dun tráfico de datos o máis baixo posible. Como especialista de educación física selecciono unhas tarefas que subo a unha carpeta de Google Drive. Estas tarefas soen ir acompañadas de textos explicativos, links a vídeos, propostas de tarefas, lecturas...<br>• O alumnado realizará as tarefas no súa casa a parte práctica ou no seu caderno as teóricas e posteriormente envían fotos e vídeos deste ao e-mail efguillarei@gmail.com habilitado para tal fin. Estas fotos e os vídeos son visualizados por min.<br>• Cabe sinalar que o e-mail tamén está habilitado para consultas por parte do alumnado e/ou as familias.<br>• As especiais circunstancias nas que se desenvolve o 3º trimestre, ofrecen (como aspecto positivo a nivel metodolóxico) a oportunidade de traballar aspectos comunicativos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. |
| **Materiais e recursos** | • Destacan o uso de libros dixitais (5º e 6º curso), google drive, do correo electrónico, do teléfono móbil (que usan as familias para fotografar as tarefas e envialas).<br>• Cabe destacar tamén como recursos humanos (a maiores do equipo docente), a participación e colaboración das familias no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado. |

| 3. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | • A miña comunicación coas familias e o alumnado é a través das seguintes vías:<br>✓ Mensaxes a través do e-mail de educación física, avisos na web do centro, mensaxes e chamadas telefónicas con algunha familia concreta.<br>✓ Destacar a moita dificultade a comunicación con algunhas familias. |
| **Publicidade** | Publicación na páxina web do noso centro (CEIP PLURILÍNGÜE DE GUILLAREI). |

Adaptación da Programación Didáctica

Curso: 5º Educación Primaria

Materia: Educación Musical

Curso 2019-2020

segundo as

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| ■ B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. | ■ EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.<br>■ EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| ■ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. | ■ EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.<br>■ EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.<br>■ EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento. |
| ■ B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal. | ■ EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados. |
| ■ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. | ■ EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente. |
| ■ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. | ■ EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.<br>■ EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó. |
| ■ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. | ■ EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>■ EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.<br>■ EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. |

| 1. **Avaliación e cualificación** | |
|---|---|
| **Avaliación** | Atendendo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do vixente curso académico, o proceso de avaliación centrarase nos contidos e nas competencias abordadas nos dous primeiros trimestres.<br>O traballo do terceiro trimestre estará enfocado a fomentar a creatividade do alumnado. Como se explicará noutro apartado, será da elección de cada alumno. Este traballo non se avaliará de xeito independente para facer "media" coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación (ata 2 puntos).<br><br>**Procedementos:**<br>- Análise e observación directa do traballo solicitado/enviado.<br>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para esta avaliación.<br>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).<br>- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).<br>- Interese e participación cara á área<br>- Entrega do traballo no prazo indicado. |
| | **Instrumentos:**<br>- Traballo do alumnado.<br>- Correo electrónico.<br>- Vía telefónica.<br>- Plataformas educativas.<br>- No caso de volver ás clases algunha proba para valorar o traballado neste trimestre.<br>- Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade ou temas traballados.<br>- Outros documentos gráficos ou textuais (fichas, libro de texto, etc.).<br>- Participación nas actividades propostas.<br>- Proxectos persoais.<br>- Representacións e dramatizacións.<br>- Elaboracións multimedia.<br>- Calquera outra actividade que sexa útil para ver o progreso, implicación e motivación do alumnado. |
| **Cualificación final** | O total da nota será a media das dúas primeiras avaliacións e, a partir desta nota, o traballo que fagan durante a terceira avaliación soamente servirá para subir a media que obteñan. Esta nota será obtida a partir dos instrumentos de avaliación indicados no apartado anterior. |

| 1. **Metodoloxía e actividades do 3° trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | Debido ás peculiaridades da materia, e ao non poder realizarse traballo de canto e danza en grupo nin tocar en conxunto, as actividades propostas ao alumnado serán as seguintes:<br>• Retos musicais a través de audios e vídeos<br>• Seguimento de musicogramas<br>• Construción de instrumentos<br>• Realización de actividades do libro de texto |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | O alumnado recibe as tarefas a través da páxina web do centro.<br>Para a revisión e corrección das tarefas enviarán as tarefas ao meu correo electrónico.<br>Ademais no mesmo correo poden escribir as súas dúbidas para que sexan contestadas.<br>No caso do alumnado que non dispón de medios para acceder ás tarefas, facilítanselle telefonicamente. |
| **Materiais e recursos** | - Será necesario dispositivo informático e conexión a internet. En caso de non dispoñer del, as tarefas pódense enviar vía whats app.<br>- Libro de texto<br>- Fichas de actividades.<br>- Recursos en liña.<br>- Recursos multimedia. |

| 1. **Información e publicidade** | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | O profesorado comunícase coas familias a través de diversas vías:<br>- mensaxes a través de Abalar móbil<br>- correo electrónico<br>- avisos na web do centro<br>- chamadas telefónicas |
| **Publicidade** | Publicarase na páxina web do centro e facilitaráselle ás familias do alumnado se así o requiren. |